



TURISMO DE GALICIA
 +34 981 900 434
 www.turismo.gal/centrosbtt
 Outros centros da rede BTT Galicia:

CENTRO BTT O SALNES
 CAMPO DE GOLF DE MES
 Sillón da América, Mes, Fontevenda
 T. +34 986 680 400 / 667 523 023

CENTRO BTT PORTAS DE GALICIA
 CASA DA VIMA
 Pça Beato Sebastián de Aparicio, 40. A Gudiña, Ourense
 T. +34 988 694 003 / 696 820 722

CASA DA CULTURA
 Ferreal, s/n. Viera do Bolo, Ourense
 T. +34 988 329 168 / 638 847 602

CENTRO BTT RIBEIRA SACRA
 PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE LUIXIANA
 Estrada de Santo Estevo, s/n. Lúmbra, Ourense
 T. +34 988 201 525 / 988 201 023 / 620 996 866 836

ALBERGUE A FABRICA DA LUZ
 Barcoas, s/n. Ferreal de St. Quenese
 T. +34 988 984 990 / 679 060 598



Zona de baños termais no río Caldo, Lobios.




Dolmen Casela da Moura, As Maus de Salas.



Encontro con vacas cachenas, raza autóctona do Xurés.



Camiño da Cela, Ruta 2 "Travesía do Xurés".



Comunicacións	Simbología
Autoestradas, autovías	Igrexa
Estatal	Capela
Primaria	Muíño
Secundaria	Bañeiro
Deputación	Cámping
Outras estradas	Refuxio
Pistas	Forno comunal
Camiños	Cruceiro
FFCC	Peto de ánimas
	Dolmen
	Mámoa
	Restos arqueolóxicos
	Punto de información
	Aparcadoiro
	Punto de acollida
	Inicio de ruta
	Vista panorámica
	Área recreativa
	Praia fluvial
	Fervenza
	Espazo natural
	Paraxe natural
	Fraga
	Penedos
Límites	
Límite nacional	
Límite de concello	
Toponimia	
Concello	MUIÑOS
Capital do concello	• Muínoes
Poboación	• Albit
Parroquia	• Prado de Limia (San Salvador)
Inicio e conexión de rutas	

ruta	nome	km	dificultade
1	ruta PARQUE FORESTAL OUTEIRO DA CELA	5,7 km	●
2	ruta TRAVESÍA DO XURÉS	25,7 km	●
3	ruta MEGALITICA	12,7 km	●
4	ruta PICOS DE FONTEFRÍA	32,4 km	●
5	ruta SERRA DO PISCO	27,9 km	●
6	ruta VÍA NOVA	29,4 km	●
7	ruta CIURCULAR DE LOBIOS	27,4 km	●
8	ruta MINAS DAS SOMBRAS	40,2 km	●
9	ruta ALTO DE SANTA EUFEMIA	24,4 km	●



RUTAS	●	●	●	●
	moi fácil	fácil	difícil	moi difícil

**Reco
men
da
cións**

- É obrigatorio o uso do casco.
 - Non esquezas revisar o estado da bicicleta.
 - Infórmate sobre aspectos técnicos da ruta e sobre a meteoroloxía do día.
 - Selecciona o itinerario axeitado en función da túa capacidade física e técnica.
 - É importante circular asegurado. Tramita a túa licenza na Federación Galega de Ciclismo.
 - Sempre debes levar auga, roupa de abrigo, kit de reparacións e o teléfono móbil ben cargado.
 - Coida o medio ambiente. Procura non molestar aos animais nin deteriorar a vexetación. Respecta as zonas privadas.
 - O contorno polo que vas circular é aberto, de libre circulación e escenario de múltiples actividades (deportivas, forestais, gandeiras e agrícolas). Mantén sempre unha actitude comprensiva, prudente, responsable e respectuosa.
 - Calquera actividade na natureza implica riscos, non sempre controlables.
 - É a túa responsabilidade calcular os perigos do percorrido e da meteoroloxía do momento.
- Nos puntos de acollida existe a posibilidade de alugamento de bicicletas e cascos, no caso de que necesites material extra.
 - Indica no Punto de Acollida, ou no seu defecto a un familiar, que ruta vas realizar.
 - O deseño das rutas permíteche enlazar varios percorridos e gozar dunha ruta á túa medida.
 - Podes descargar os tracks das rutas na páxina web www.turismo.gal
 - Podes contribuír ao mantemento do Centro BTT informando aos responsables do Punto de Acollida ou puntos de información de posibles incidencias no estado e sinalización dos percorridos.
 - Debes obedecer a sinalización das rutas, dar prioridade aos peóns e cumprir coas normas xerais de circulación.
 - No caso de ausencia de sinais de seguimento nos cruzamentos, circula polo camiño preferente.

PUNTO DE ACOLLIDA

COMPLEXO TURÍSTICO-DEPORTIVO O CARGO
 Outeiro da Cela, s/n. Muínoes
 32880 MUIÑOS

ABERTO TODO O ANO

MAIO SETEMBRO
 todos os días
 10:00 14:00 h.
 16:00 20:00 h.

OUTUBRO ABRIL
 sábados, domingos, festivos
 10:00 14:30 h.

atención telefónica
 988 456 403
 609 744 255
 679 971 377

CENTRO DE MONTAÑA AVIVA
 Rúa Tulla, 59. As Maus de Salas
 32880 MUIÑOS

ABERTO TODO O ANO

MAIO SETEMBRO
 todos os días
 10:00 14:00 h.
 16:00 20:00 h.

OUTUBRO ABRIL
 luns, venres
 10:00 14:30 h.

sábados, domingos, festivos
 10:00 15:30 h.

atención telefónica
 607 477 375
 634 910 503

SERVIZOS DOS PUNTOS DE ACOLLIDA

punto de información e promoción
 atouper de bicicletas e cascos
 punto de lavado de bicicletas
 vestiarios e duchas

URXENCIAS
 ☎ 112

OUTROS SERVIZOS
 aloxamento
 outras actividades deportivas

URXENCIAS SANITARIAS
 ☎ 061

O Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés dá nome a este Centro BTT, que ofrece un total de nove rutas, entre os concellos de Muínoes e Lobios, sumando máis de 200 quilómetros sinalizados.

Xunto ao veciño Parque Nacional da Peneda-Gerés (Portugal), forman un espazo protexido de carácter transfronteiriño único en Europa, declarado ademais Reserva da Biosfera, onde as serras frondosas e os desertos graníticos parece que medraron ao mesmo ritmo.

Os puntos máis elevados ascenden ata os 1.500 metros de altitude, combinando as formas suaves dos vellos montes galegos con cumios máis abruptos en forma de agulla. Destaca a presenza de formacións rochosas e de bolos (grandes pedras de granito).

Atoparemos monumentos megalíticos, aldeas abandonadas e o testemuño do paso dos lexionarios romanos pola calzada XVIII ou Vía Nova: construcións populares, como muínoes, colmeas muralladas, cabanas de pastores, hórreos, fornos comunais, camiños e cercados, que revelan a alma máis creativa dos seus poboadores.

Trátase dun destino BTT único que ofrece rutas de diferentes niveis de dificultade. No Parque Forestal de Outeiro da Cela, na contorna do Punto de Acollida do Corgo, pódese gozar dun agradable paseo bordeando o encoro das Conchas. A Ruta Megalítica que parte desde As Maus de Salas é un percorrido moi sinxelo, apto para toda a familia e que nos traslada á época do Megalitismo. Os ciclistas máis expertos poderán percorrer parte do trazado da Vía Nova ou seu paso por Lobios, visitar as antigas Minas das Sombras a través dun percorrido exigente, así como internarse nos picos de Fontefría e percorrer algunha das poboacións máis singulares, como A Cela, Prado de Limia, Requiás ou Guntumil.

As terras de Celanova e da Baixa Limia ofrecen unha interesante variedade e atractivos turísticos que as converte nun destino excepcional. O conxunto de torres ao longo da Limia (A Pena en Xinzo, A Forxa en Porquieira e a Torre de Sandiás) mostran o carácter estratéxico e defensivo deste territorio. A capela de San Miguel, na contorna do mosteiro de Celanova, e a igrexa de Santa Comba de Bande constitúen dous exemplos perfectos do prerrománico en Galicia. O mosteiro e a súa igrexa barroca, así como a zona vella de Celanova, son unha visita ineludible desta parte da provincia de Ourense. E nas proximidades desta vila recoméndase visitar o encantador núcleo medieval de Vilanova dos Infantes e o poboado castro de Castronovo, pertencente á Idade de Ferro, que nos permite coñecer como foron os primeiros asentamentos do noroeste peninsular. Destacamos dúas experiencias turísticas moi diferentes: relaxarse nas augas termais do río Caldo, preto de Lobios, e gozar do Entroido en Xinzo de Limia.



R.1 ruta PARQUE FORESTAL OUTEIRO DA CELA

O Parque Forestal de Outeiro da Cella forma parte do Complexo turístico-deportivo do Corgo, onde se sitúa un dos Puntos de Acolida do Centro BTT Serra do Xurés. Linha área recreativa natural de case 40 hectáreas cunha ruta moi sinxela, sen apenas desnivel acumulado, e que, ao longo dos seus case 6 quilómetros de percorrido, permite achegarse á beira do encoro das Conchas e coñecer a aldea do Rafadoiro. Recomendábase subir ao punto máis alto do Nival, un pequeno outeiro moi próximo ao lugar de inicio desta ruta á que se accede por varias pistas sinalizadas. Desde aquí, pódese gozar dunha bela panorámica do encoro e dos restos arqueolóxicos do campamento militar romano Aquas Queruennis, no veciño municipio de Bande. O complexo do Corgo conta cun camping e unha ampla oferta de ocio para disfrutarse desta zona privilexiada. Destacan as actividades náuticas como o kayak e a vela, así como a posibilidade de participar en rutas de sendeirismo organizadas ou practicar escalada no seu rochedero ao aire libre. Desde o propio aparcadoiro do Punto de Acolida, pódese percorrer en bicicleta os dous quilómetros que o separan da Reitoral de San Pedro, actualmente aloxamento da rede de Turismo Rural, desde onde parte a Ruta 2 "Travesía do Xurés".


saída_	Complexo turístico-deportivo do Corgo 41°57'46.86" N / 007°58'59.95" W	altura máx.	624 m	desc. acum. posit. (+)	175 m	distancia	5,7 km	enlaces	sen conexión
chegada_	Complexo turístico-deportivo do Corgo 41°57'46.86" N / 007°58'59.95" W	altura mín.	547 m	desc. acum. negat. (-)	-175 m	tempo	1h	difficultade	●



R.6 ruta VÍA NOVA

A Vía Nova, construída baixo o mandato do emperador Augusto no século I d.C., tivo un papel fundamental na vertebración de Galicia, unindo Bracara Augusta (Braga) con Asturica Augusta (Astorga). O percorrido parte do lugar coñecido como Portela do Home, antigo paso fronterizo con Portugal. Utilizando o vello itinerario da Vía Nova, hoxe recuperada a través do programa estatal de Camiños Naturais, iniciárenos un descenso de case 7 quilómetros polo val do río Caldo, onde poderemos observar varios conxuntos de miliarios (antigo sistema de fls quilométricos representados por marcos de pedra). Na última parte deste descenso, recomendábase visitar a ferverenza máis longa de Galicia, Corga da Fecha, espectacular nos meses de inverno, así como os restos romanos da coñecida como Aquas Originis, unha mansión romana onde poderemos observar unha serie de arcos pertencentes ao seu espazo termal. Alcanzamos o lugar coñecido como Ricaldo, perfecto para facer un alto no camiño e coñecer a zona gratuita de baños ao aire libre nos arredores do Balneario de Lobios. A ruta continúa en dirección á aldea de Vilameá, onde un desvío á dereita nos indica o acceso a través dunha dura subida á ermida de Nosa Señora do Xurés. Desde este punto, obsérvase unha impresionante panorámica da Serra de Santa Eufemia e o val do río Caldo. Ao abandonar esta aldea, atopámonos con doce muíños restaurados nas beiras do río Vilameá. En Lobios recomendábase visitar a súa igrexa, así como o Centro de Interpretación do Parque Natural. A partir deste punto, recomendábase unha última parada na ermida da Clamadoira, antes de alcanzar o final do percorrido na reitoral de San Pedro en Muíños.


saída_	Portela do Home, Lobios 41°48'35.81" N / 007°58'43.09" W	altura máx.	773 m	desc. acum. posit. (+)	940 m	distancia	29,4 km	enlaces	8, 9
chegada_	Casa reitoral de San Pedro Muíños 41°57'08.96" N / 007°58'43.09" W	altura mín.	332 m	desc. acum. negat. (-)	-1080 m	tempo	2h 30'	difficultade	●



R.2 ruta TRAVESÍA DO XURÉS

A ruta parte da antiga reitoral de San Pedro en Muíños, hoxe reconverteida en aloxamento de Turismo Rural. De forma ascendente, conduciéndose á poboación do Agreló, que cruzamos para chegar a Picós, a través dunha zona de bosque autóctono ben conservada. Seguindo a sinalización da senda PR-G Torrente-Salgueiro, pertencente á rede de rutas do Parque, alcanzamos a ermida da Clamadoira, desde onde se pode contemplar unha bela panorámica sobre o val do río Lima. A pequena igrexa do século XVIII atópase rodeada por uns magníficos carballos centenarios. A seguinte parada obrigatoria será á aldea de Prado de Lima, onde poderemos gozar da típica arquitectura popular do Xurés, así como da igrexa de San Salvador e dun forno comunal rehabilitado. Cruzamos o río Salas por unha ponte de pedra ata alcanzar unha área recreativa con varios muíños, algúns aínda en funcionamento. Por unha pista que nos leva ao este ascendemos en dirección a Albeite, unha pequena aldea gandeira. Tras unha subida e un descenso moi técnico, chegamos á parroquia da Cella, onde as súas casas e cortes se funden cos grandes bolos graníticos conformando unha arquitectura singular. Augas abaixo da Cella, atópase a espectacular ferverenza da Poza da Selma. Cruzamos o río Salas por unha ponte de madeira para iniciar un esivente porteo coa nosa bicicleta duns 15 minutos de duración ata alcanzar a pista de terra que vai cara a Reparade, onde enlazamos coa Ruta 6 "Vía Nova", que vén desde Lobios. Abandonando Reparade, o sendeiro conduciéndonos de novo e de forma ascendente cara á ermida da Clamadoira. O regreso cara á reitoral de San Pedro é a través dun sendeiro estreito que finaliza na estrada de Mugeuimes, a escasos metros do final deste percorrido.


saída_	Casa reitoral de San Pedro Muíños 41°57'08.96" N / 007°58'43.09" W	altura máx.	906 m	desc. acum. posit. (+)	920 m	distancia	25,5 km	enlaces	7
chegada_	Casa reitoral de San Pedro Muíños 41°57'08.96" N / 007°58'43.09" W	altura mín.	599 m	desc. acum. negat. (-)	-920 m	tempo	3h 40'	difficultade	●



R.3 ruta MEGALÍTICA

Desde o Punto de Acolida situado no Centro de Montaña Aviva, no núcleo das Maus de Salas, arranca este agradable paseo en bicicleta que permite remontarnos á Idade de Bronce cun claro carácter lúdico-interpretativo do patrimonio arqueolóxico que se mantén na contorna deste Parque Natural. Durante o noso itinerario, compartiremos tramos coa Ruta 4 "Picós de Fontefría" e coa Ruta 5 "Serra do Pisco". Antes de cruzar a presa do encoro de Salas, atopámonos coa Casiña da Moura e, pouco despois de atravesala, coa Casola do Foxo, situada nun pequeno miradoiro natural que coincide co enlace existente coa Ruta 4. Trátese dos dous dolmens máis importantes da Baixa Lima, datados no III milenio a. C. e desprazados do seu lugar de orixe debido á construción do encoro. Tras pedalear por unha pista que bordea o encoro, onde se poderán observar varias formacións rochosas moi singulares, alcanzamos a ponte que une Guntumil coas Maus de Salas. Neste punto da ruta, pódese optar por enlazar coa Ruta 5, que se dirixe ao refuxio do Pisco, ou cruzar a ponte para continuar o noso itinerario arqueolóxico e visitar outras das mostras do augeo do Megalitismo neste territorio: a necrópole de Outeiro de Cavaleira, formada por dúas mámoas onde se acharon restos de puntas de flechas e recipientes cerámicos. Regresamos ao punto de partida camiñando polas estreitas rúas das Maus de Salas, onde aínda se aprecian restos da capela de Santa Baía.

saída_	Centro de Montaña Aviva, As Maus de Salas 41°56'10.53" N / 007°55'28.59" W	altura máx.	848 m	desc. acum. posit. (+)	268 m	distancia	12,7 km	enlaces	4, 5
chegada_	Centro de Montaña Aviva, As Maus de Salas 41°56'10.53" N / 007°55'28.59" W	altura mín.	801 m	desc. acum. negat. (-)	-268 m	tempo	1h 20'	difficultade	●



R.4 ruta PICOS DE FONTEFRÍA

Sen dúbida, estamos ante un dos percorridos máis espectaculares e máis esixentes. Cun total de 32,4 quilómetros e rozando os 1.700 metros de desnivel acumulado, é un verdadeiro desafío para os ciclistas máis experimentados. Desde o Punto de Acolida das Maus de Salas, tras cruzar o encoro, deixamos á nosa esquerda o dolmen coñecido como Casola do Foxo e desvímonos cara á dereita por unha pista ancha de terra. A través dun longo ascenso, a ruta vaise introducindo pouco a pouco na típica paisaxe granítica e medio desértica do Xurés ata alcanzar a zona coñecida como Outeiro do Home Dereito, a 1.115 m de altitude. O percorrido continúa cara á aldea do Salgueiro, situada aos pés dos Picós de Fontefría, abandonada polos seus moradores na metade do século XIX debido á difi cultade de establecer vías axeitadas de acceso. Todo o conxunto de construcións e os seus terreos limítrofes pertencen na actualidade á Xunta de Galicia, que, en colaboración co Parque Natural Baixa Lima-Serra do Xurés, está a levar a cabo diferentes programas de xestión do medio e a súa reconstrución paulatina. Nas súas proximidades púxonse en marcha programas de recuperación da barxa montesa. Abandonando O Salgueiro e tras un forte ascenso, chegamos á calzadeira da Carxa, zona de bosque autóctono moi ben conservado e Reserva Integral deste espazo protexido. A última parte do percorrido, antes de unirse novamente á Ruta 3 "Megalítica" e regresar ás Maus de Salas, discorre polas zonas máis elevadas da Serra do Xurés, entre rochedos e bolos graníticos que lle confiren á paisaxe un aspecto árido pero de gran valor natural.


saída_	Centro de Montaña Aviva, As Maus de Salas 41°56'10.53" N / 007°55'28.59" W	altura máx.	1161 m	desc. acum. posit. (+)	1106 m	distancia	32,4 km	enlaces	5
chegada_	Centro de Montaña Aviva, As Maus de Salas 41°56'10.53" N / 007°55'28.59" W	altura mín.	766 m	desc. acum. negat. (-)	-1106 m	tempo	4h	difficultade	●



R.5 ruta SERRA DO PISCO

Comparte o mesmo percorrido da Ruta 3 "Megalítica" ata chegar á ponte que cruza o encoro de Salas, onde seguiremos pola dereita cara á aldea de Guntumil. Deixamos atrás esta pequena poboación de apenas 150 habitantes para iniciar un longo ascenso por unha pista ancha en perfectas condicións que, pouco a pouco, vai gañando altura ata alcanzar o Refuxio do Pisco, a 1.395 metros de altitude. Desde aquí hai unha boa oportunidade de contemplar unha ampla panorámica do Val de Salas. Iniciamos o descenso cara a Portela de Plóies, en plena fronteira entre Galicia e Portugal, sinalada por un marco de pedra que indica o límite fronteirizo entre ambos os dous países, un territorio dominado polos vellos contrabandistas e que hoxe ofrece unha panorámica espectacular do Parque Transfronteirizo Gerés-Xurés, que comprende case 90.000 hectáreas de territorio protexido en ambos os dous países. Chegamos á aldea de Requís, onde se recomenda visitar o seu forno comunal, antes de regresar á ponte do encoro para cruzalo en dirección ás Maus de Salas e compartir os últimos quilómetros polo mesmo trazado das Rutas 3 e 4.


saída_	Centro de Montaña Aviva, As Maus de Salas 41°56'10.53" N / 007°55'28.59" W	altura máx.	1254 m	desc. acum. posit. (+)	829 m	distancia	27,9 km	enlaces	4
chegada_	Centro de Montaña Aviva, As Maus de Salas 41°56'10.53" N / 007°55'28.59" W	altura mín.	801 m	desc. acum. negat. (-)	-829 m	tempo	2h 30'	difficultade	●



R.7 ruta CIRCULAR DE LOBIOS

Desde a zona de aparcadoiro que se localiza na entrada ao municipio de Lobios dirixímonos cara ás pozas de auga próximas á aldea da Cella. Trátese dun percorrido que supón un desafío para o ciclista polas contínuas subidas e baixadas pero que se compensa polo atractivo da contorna. Atravesamos pequenos núcleos como Gostomeao, San Pao, O Puxedo e A Vila, permitindo descubrir lugares con grande encanto como Chao de Requeixo, unha paraxe de gran valor natural, ou a igrexa de San Miguel e a capela da Virxe da Regueira, mostras da arquitectura relixiosa da zona. Na metade do percorrido atopámonos cun desvío que nos leva cara ao río Mao (afluente do río Salas), onde poderemos visitar varias das pozas naturais que se sitúan formando pequenas ferverenzas gozar dun lugar privilexiado. Existe a posibilidade de continuar ascendendo pola estrada ata chegar á aldea da Cella e continuar pola Ruta 2 "Travesía do Xurés" que permitirá finalizar este percorrido na Reitoral de San Pedro en Muíños. Se se opta por regresar á ruta "Circular de Lobios", afrontaremos a segunda metade do itinerario cunha pendente máis favorable coa compañía do río Cabaleiro que cruzaremos a través dunha pequena ponte na Portaxe antes de regresar ao centro de Lobios.


saída_	Zona estacionamento, Lobios 41°54'06.29" N / 008°05'05.84" W	altura máx.	773 m	desc. acum. posit. (+)	1130 m	distancia	27,43 km	enlaces	2
chegada_	Zona estacionamento, Lobios 41°54'06.29" N / 008°05'05.84" W	altura mín.	332 m	desc. acum. negat. (-)	-1130 m	tempo	4h 30'	difficultade	●



R.8 ruta MINAS DAS SOMBRAS

Esta ruta parte en dirección sur desde o centro de Lobios cara ás "Minas das Sombras", descubriundo ao seu paso unha contorna can por con natural que mostra de maneira clara unha orografía exvante. A primeira parte do percorrido discorre n sentido ascendente ata alcanzar a antiga explotación mineira cuxo tramo final coincide cunha senda que será obrigatorio realizar portando a nosa bicicleta para preservar o estado do camiño. Regresamos á pista principal, onde o ascenso se suaviza, deixando a man dereita unha senda que se dirixe cara á parte superior da Corga da Fecha, unha das ferverenzas máis representativas do Parque Natural Baixa Lima-Serra do Xurés. Tamén, teremos a oportunidade de contemplar outros saltos de auga como a Corga do Curro, a Corga do Medeiro, a Corga da Candela e a Corga da Revolta, entre outras. Alcanzamos a fronteira con Portugal chegando a Portela do Home, desde onde iniciaremos descenso ao punto de partida compartindo os primeiros quilómetros da Ruta 6 "Vía Nova" ata regresar a Lobios.

saída_	Zona estacionamento, Lobios 41°54'06.29" N / 008°05'05.84" W	altura máx.	1085 m	desc. acum. posit. (+)	1608 m	distancia	40,19 km	enlaces	6
chegada_	Zona estacionamento, Lobios 41°54'06.29" N / 008°05'05.84" W	altura mín.	396 m	desc. acum. negat. (-)	-1608 m	tempo	5h 10'	difficultade	●



R.9 ruta ALTO DE SANTA EUFEMIA

Desde o Balneario Lobios-Caldaria, esta ruta parte en dirección norte cara ao Alto de Santa Eufemia. Tras abandonar a zona de Río Caldo e percorrer uns metros a OU-312, desvímonos cara a Bubaces e Padrendo, onde se pode visitar a capela de Santa Catarina e observar a singularidade dun pombal. Deixando atrás Padrendo continuamos o percorrido que nos conduce cara a Chan de Ventoso por unha pista ascendente en moi bo estado que permite gozar dunha espectacular panorámica onde destaca a Corga da Fecha ao fondo. Para aqueles que queiran realizar unha versión máis sinxela, na metade da dita ascensión está sinalizado un desvío á man esquerda que se dirixe cara a Torneiros e permite regresar por unha pista moi doada de percorrer ata o Balneario Lobios-Caldaria. Os que optan pola versión longa do percorrido, continuarán o ascenso ata alcanzar un desvío á dereita cara ao alto de Santa Eufemia desde onde se pode observar parte da extensión do Parque Natural Baixa Lima-Serra do Xurés. Por motivos de preservación do medio natural no que nos encontramos, os 2,5 quilómetros que separan a pista principal do alto, han de ser realizados portando a nosa bicicleta. Desde ese punto, a ruta continúa en dirección cara á fronteira con Portugal e desvíase cara á esquerda ata conectar coa Ruta 6 "Vía Nova" onde poderemos visitar un conxunto de miliarios (antigo sistema de fitos quilométricos da época romana representados por marcos de pedra), desvíamos á Corga da Fecha ou visitar os restos dunha mansión romana utilizada como espazo termal e coñecida como Aquas Originis, antes de regresar ao balneario.

saída_	Balneario Lobios-Caldaria 41°51'40.92" N / 008°06'22.23" W	altura máx.	1114 m	desc. acum. posit. (+)	1005 m	distancia	24,15 km	enlaces	6
chegada_	Balneario Lobios-Caldaria 41°51'40.92" N / 008°06'22.23" W	altura mín.	379 m	desc. acum. negat. (-)	-1005 m	tempo	4h	difficultade	●

